

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA TAMBRE MANDEO PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO TERRAS SANTIAGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para a execución das seguintes actuacións:

ACCIÓNS
Promoción destino cicloturista
Deseño ruta cicloturista gran percorrido
Xestión e coordinación

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).



Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O territorio do xeodestino nº 3 Terras de Santiago, coexisten dous territorios diferenciados (subxeodestinos) onde operan dúas entidades xestoras diferenciadas:

Por unha banda, a Asociación Terras de Compostela que agrupa aos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, A Baña e Negreira e Santa Comba.

Por outra, o GDR Ulla Tambre Mandeo, que agrupa aos concellos de Melide, Santiso, Toques e Sobrado, Arzúa, Boimorto, Touro e O Pino e Vilasantar.

Nos estatutos do GDR Ulla Tambre Mandeo establécese como ámbito de actuación o territorio dos concellos anteriormente citados sen prexuízo de que poida ser estendido para outros programas ou actividades a outros territorios.

Así mesmo, ambas asociacións teñen atribuídas nos seus estatutos competencias para o fomento e promoción do turismo como sector de actividade sostible nas áreas rurais e como medio para aproveitar os recursos dos territorios locais.

A posibilidade de presentar varios proxectos por xeodestino estaba prevista na Resolución do 28 de novembro de 2019 (DOG núm. 241, de 19 de decembro de 2019) modificada pola Resolución do 9 de xaneiro (DOG núm. 11, de 17 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a xeodestinos de Galicia, para o desenvolvemento de actuacións de dinamización turística. Segundo o artigo 3.2 "poderanse subvencionar varios proxectos por xeodestino sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que se trate de territorios diferenciados dentro dos límites do xeodestino.
- Ningún concello poderá participar en máis dunha proposta.
- Que os proxectos se presenten por entidades xestoras diferenciadas".



Dado que ambas solicitudes cumpren os requisitos, asínase un convenio para cada un dos territorios representados por cada asociación.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Terras de Santiago, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

A través deste convenio, outórgase ó Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social,



económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

